



Nº Expediente: 2016/C006/000001

Asunto: Contrato administrativo especial de explotación da cafetería e anexos da área recreativa do paseo marítimo de Cedeira

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN (1)

APERTURA E CUALIFICACIÓN DOS SOBRES A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DO SEGUINTE CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL:

"EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA E ANEXOS DA ÁREA RECREATIVA DO PASEO MARÍTIMO DE CEDEIRA"

Importe do prezo mínimo: 600,00 € /ano sen IVE.

ASISTENTES:

PRESIDENTE:

D. Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

VOGAIS:

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira.

Don Jorge Vidal Zapatero, Interventor do Concello

Dona Ana Velo Ruiz, Secretaria do Concello

Don Agustín Martínez Docanto, arquitecto técnico municipal, en substitución do vogal D. Antonio Rodríguez Fabello

SECRETARIO:

Don Javier Zunzunegui Vázquez, funcionario do Concello, en substitución de M^a Montserrat Pérez Garrote, secretaria da Mesa de contratación.

Non asiste don José Camilo Casal García, concelleiro.

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 13:30 horas do día 4 de xullo de 2016, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á apertura dos sobres A: documentación administrativa, presentados no procedemento para adxudicar o contrato administrativo especial anteriormente citado.

Consta no expediente a certificación de Secretaría de data 04.07.2016 relativa ás proposicións presentadas para participar na licitación do contrato administrativo especial anteriormente citado, as cales son as seguintes:

Nº rexistro	Data	Solicitante
4240	21/06/16	Laura Gamundi López
4327	23/06/16	-----
4406	28/06/16	Rey Foronda, SC

A continuación, a Mesa procede á cualificación previa dos documentos presentados en tempo e forma, para o cal o Presidente ordena a apertura dos sobres A, que fan referencia á documentación administrativa, resultando que:

- A documentación presentada polos tres licitadores é correcta.



A Mesa acorda:

- 1.- Admitir aos tres licitadores presentados.
- 2.- Reunirse de novo o vindeiro día **5 de xullo, ás 12:30 horas** no Salón de Plenos da Casa do Concello para proceder á apertura dos sobres B: oferta económica e melloras.
- 3.- Publicar a presente acta no Perfil de contratante do Concello de Cedeira.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 14:00 horas do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretario da Mesa, dou fe.